

Convenio do Concello de Ourense regulador da subvención nominativa á Asociación Xuvenil Amencer para gastos da actividade de campamento urbano “Cidade de Ourense” do exercicio 2024.

O presente convenio formalizase coa consideración de documento administrativo público para os efectos do previsto no artigo 26 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinado polas partes mediante sinatura electrónica ao amparo do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

INTERVEÑEN

Dunha parte, don Gonzalo Pérez Jácome con DNI núm. ***6044**, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Ourense, designado na sesión do Pleno da corporación que tomou posesión do cargo o día 17 de xuño de 2023 e que actúa no nome e na representación da citada institución segundo as competencias que lle outorga o artigo 124 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local modificada pola Lei 57/03, de 16 de decembro, e con enderezo social en Praza Maior, 1 32005 Ourense e co CIF P-3205500F.

E doutra parte, D. Román Cid Sarria con DNI ***4515** en nome e representación da entidade “Asociación Xuvenil Amencer”, CIF G32025405, representación que acredita mediante acta da assemblea da entidade “Amencer” de data 23 de setembro de 2023, na que se procede a elección da nova xunta directiva.

A Oficial Maior do Concello de Ourense D^a. Silvia Alonso Fernández, quen fai constar, dado que non existe unidade de acto ao realizarse a sinatura do documento por medios electrónicos, que a función de fe pública prevista no artigo 3.2.i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación co disposto no apartado d) da Disposición Adicional oitava da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, se limita a comprobar a identidade dos intervinientes a través da documentación que forma parte do expediente, así como a verificar a validez das sinaturas electrónicas incorporadas ao presente documento, que os certificados dos firmantes non foron revocados e que non houbo modificacións no documento. En particular, para os efectos de verificar a identidade e validez da sinatura efectuada polo representante da entidade “Asociación Xuvenil Amencer”, incorporase ao expediente administrativo electrónico municipal o comprobante de validación emitido pola



plataforma Valide obtido no enlace <https://valide.redsara.es/valide/validarFirma/executar.html>, polo cal se verifica tanto a validez do certificado como da sinatura electrónica realizada.

Ambas as partes recoñécense plena capacidade para levar adiante o presente convenio e, na súa virtude,

MANIFESTAN

Primeiro.- Que a finalidade do presente convenio é canalizar a favor da entidade beneficiaria “Asociación Xuvenil Amencer” a subvención que figura no vixente Orzamento municipal do ano 2025, segundo o crédito consignado na partida S260 3370 48942 co seguinte literal: «Convenio con Amencer: campamento urbán», sendo o importe da dotación de 15.000 € (QUINCE MIL EUROS), así como establecer as condicións e compromisos que asume a entidade beneficiaria.

Segundo.- Que na Xunta de Goberno Local do día 18-09-2025, aprobouse o desenvolvemento do fin do presente convenio e se faculta ó alcalde-presidente para a súa sinatura.

Terceiro.- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dispón no seu artigo 19.4.a) que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos xerais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 26.1 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións. O que resulta de aplicación a entidades locais segundo o disposto no artigo 1 do citado texto legal. Igualmente, neste senso expresase o artigo 22.2.a) de carácter básico da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

De conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas partes **ACORDAN** firmar o presente convenio, coas seguintes cláusulas:

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións e compromisos aplicables á subvención nominativa a favor da Asociación Xuvenil Amencer para os gastos da actividade Campamento Urbano 2024 correspondentes ao exercicio 2024, consonte o establecido na normativa vixente, particularmente o artigo 65 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e que desenvolve o artigo básico 22.2.a) da dita Lei.



Conforme á providencia de data 12 de decembro de 2024, da Concelleira Delegada de Xuventude, é obxecto da subvención o financiamento dos gastos correspondentes ao exercicio 2024 das actividades do Campamento urbano 2024.

Non se poderán aplicar os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade dos que se corresponden co obxecto deste convenio.

II.- Contía da subvención e porcentaxe máximo de financiamento do gasto subvencionado. Dotación orzamentaria.

1. A contía da subvención non poderá exceder do 75% do custo total da actividade desenvolvida e debidamente xustificada, cunha achega máxima, en todo caso, de 15.000 euros, producíndose a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación nas condicións previstas no presente convenio.

A entidade beneficiaria levará a cabo a actividade subvencionada de acordo co orzamento de gastos presentado ante o Concello, co seguinte resumo:

Gastos persoal	19.360,17 euros
Outros gastos.....	14.578,34 euros
Total gastos	33.938,51 euros

A subvención considerarase xustificada sempre que se acredite a realización de gastos subvencionables vinculados ao funcionamento da entidade ou ás súas actividades xerais por un importe mínimo de 20.000 euros para unha subvención de 15.000 euros. No caso de que se xustifique un importe inferior, a subvención reducirase proporcionalmente de forma automática, co fin de respectar en todo caso o límite máximo do 75 % do gastos previsto neste convenio, e sen prexuízo da regra establecida no apartado 4 desta cláusula, que deberá cumprirse en todo caso.

2. Consideraranse gastos subvencionables os previstos con ese carácter no artigo 12 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ourense.

3. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á partida orzamentaria S260 3370 48942 do orzamento de 2025.

4. A subvención do Concello é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere, en ningún caso, o importe total do gasto efectivamente executado. Para o caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente executado, minorarase a achega municipal no importe necesario para dar estrito cumprimento a esta regra.

III.- Publicidade do financiamento municipal.



1. Na publicidade pola que se dean a coñecer as actividades da entidade, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, farase constar sempre o financiamento do Concello de Ourense. Os medios de difusión da subvención concedida así como a súa relevancia deberán ser análogos aos empregados respecto a outras fontes de financiación, para dar así cumprimento ao artigo 31.2 do RD 887/2006 de 21 de xullo que regula a Lei Xeral de Subvencións. De non ser posible dar publicidade ao estaren as actividades da entidade xa realizadas á firma do presente convenio, deberase dar publicidade do financiamento municipal coa sinalización visible no local da entidade beneficiaria e na súa páxina web e/ou redes sociais.

2. Coa memoria a que se refire a cláusula V deste convenio achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

IV.- Obrigas da entidade beneficiaria.

1. A entidade beneficiaria está suxeita ao cumprimento das obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 4 da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

2. A entidade beneficiaria deberá cumprir ademais as obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

V.- Xustificación da subvención.

A xustificación da subvención realizarase na modalidade de presentación de conta xustificativa da actividade subvencionada, mediante a presentación pola entidade beneficiaria da seguinte documentación:

a) Instancia subscrita polo Presidente da entidade dirixida ao Alcalde-Presidente na que se solicite o pagamento da subvención concedida.

b) Memoria de avaliación das actividades realizadas dentro do obxecto do presente convenio, na que se xustifique o cumprimento das condicións impostas no mesmo.

c) Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade, con expresión da data, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento, e porcentaxe imputado á xustificación da subvención. A relación estará firmada polo secretario da entidade e co visto e prace do presidente.

d) Copia das facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil acreditativos do gasto realizado, ordenados correlativamente segundo o número de orden asignado na relación numerada á que se refire o parágrafo anterior.



As facturas deberán reunir tódolos os elementos sinalados polo Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Como mínimo expresarán o nome ou razón social da empresa que facture e o seu NIF, data de emisión, importe, detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo de IVE aplicable e importe total. Para o caso de facturas que conteñan retención do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) deberá acreditarse o ingreso da retención. En ningún caso se admitirán billetes de caixa ou simples recibos.

As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos sinalados para as facturas en xeral, así como a acreditación de que foi realizada a pertinente retención fiscal e liquidado o seu importe ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria.

e) Para considerar debidamente acreditados os custos salariais correspondentes aos gastos de persoal, deberán achegarse copias dos contratos de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo seu perceptor e pagadas ou xustificante do seu pagamento mediante transferencia bancaria, así como os xustificantes correspondentes ás cotizacións á Seguridade Social. Deberá xustificarse a retención e ingreso na Axencia Estatal da Administración Tributaria, das cantidades correspondentes ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

f) Documentos acreditativos dos pagos aos acredores, mediante documento bancario ou recibín do proveedor no propio documento de gasto. En todo caso, para os pagos a acredores de contía igual ou superior a 1.000 euros, deberá acreditarse mediante documento bancario.

g) Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvencións concedidas e outras achegas) con acreditación da súa contía, procedencia e aplicación á actividade de Campamento Urbano 2024.

h) Acreditación de estar ó día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VII.

VI.- Prazo de xustificación.

A actividade obxecto de financiamento municipal corresponde aos gastos correspondentes ao exercicio 2024.

A entidade beneficiaria queda obrigada a presentar a xustificación nos termos previstos na cláusula V.

O prazo de presentación rematará o día 1 de decembro de 2025 inclusive.

O pagamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta designada pola beneficiaria.



Só se procederá ao libramento da subvención concedida previa a xustificación polo beneficiario do gasto realizado nos termos e coas formalidades sinalados na cláusula V deste Convenio e na Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense e demais normativa reguladora de subvencións.

Non se poderán realizar pagamentos anticipados.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non acredite que se atope ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro de subvencións.

VII.- Acreditación do cumprimento de obrigas tributarias e de Seguridade Social.

A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, co Concello de Ourense e coa Seguridade Social. A acreditación do cumprimento desta obrigas farase mediante certificación expedida pola administración competente, agás no relativo ás obrigas con Concello de Ourense, cuxa comprobación realizarase de oficio pola propia administración municipal.

VIII.- Comprobación da subvención.

Para os efectos do disposto no artigo 21 da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense, o Servizo de XUVENTUDE será o servizo competente para a comprobación da aplicación da subvención.

IX.- Control financeiro polo Concello de Ourense e polos órganos de control externo.

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e os artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser elixida pola Intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento desta e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio.
2. Igualmente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, de se lo caso, segundo o previsto na Lei Orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- Reintegro e perda do dereito a subvención.



Procederá o reintegro ou a perda do dereito á subvención, segundo proceda, por concorrer algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e artigo 23 da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

Nos supostos nos que da xustificación se deduza que a entidade obtivo subvencións por importe superior ao 100% do gasto realizado para o obxecto da subvención regulada neste convenio, reducirase proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria. Igualmente procederá á redución proporcional no suposto no que a xustificación se realice por un importe inferior ao mínimo indicado na cláusula II.

O incumprimento das súas obrigas por parte da entidade beneficiaria poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

XI.- Incorporación ao Rexistro Público de Subvencións e publicación da subvención concedida.

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvenciones, coa exclusiva finalidade prevista neste precepto e co debido respecto á protección de los datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Ademais en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de Ourense remitirá a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na páxina WEB do Concello.

XII.- Vixencia do convenio.

O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025.

XIII.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.



1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense. Con carácter supletorio aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran aparecer na aplicación do presente convenio corresponderá á Xunta de Goberno do Concello de Ourense previos os informes preceptivos.
3. Corresponderá aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que podan aparecer como consecuencia do presente convenio.





ANEXO II

D./D^a ROMÁN CID SARRIA, con DNI nº 451451520 e domicilio en OURENSE, rúa DON BOSCO 1, CP 32003 en calidade de (1) PRESIDENTE de ASOCIACIÓN (2) X. AMENCER, con domicilio a efectos de notificación en rúa PRATA DON BOSCO 1, BAIXO CP 32003 localidade OURENSE, Tfno. 988218123 Fax: 988218123, en calidade de beneficiaria da subvención nominativa do Concello de Ourense, DECLARA:

1. Que no se encontra incurso/a en ningunha prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións públicas, e para eses efectos cumprimenta o documento que conforma o Anexo II.

2. Que se compromete a comunicar a este Concello calquera modificación das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención.

3. Que para o obxecto da subvención deste convenio,

(1) non ten solicitado nin recibido ningunha subvención doutras Administracións Públicas nin de Entidades Públicas ou Privadas.

(2) X Ten solicitado e recibido as subvenciones que a continuación se relacionan:

a) Subvencións de administracións ou entidades públicas:

ENTIDADE DEPUTACIÓN DE OURENSE

CONCEDIDA OU SOLICITADA CONCEDIDA

CONTÍA 19.18'80€

b) Subvencións de entidades privadas:

ENTIDADE.....

CONCEDIDA OU SOLICITADA

CONTÍA

4. Así mesmo, comprométese, incluso con posterioridade á xustificación dos fondos recibidos, e tan pronto como se coñeza, a comunicar ao Concello de Ourense a obtención doutros ingresos e subvencións para a mesma finalidade.

En Ourense., a 26 de SETEMBRO de 2025

(Firma dixital) Fdo.:



(1) Riscar o que proceda.



ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PARA OBTENIR A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO.

D./D^a RODÁN CID SARRIA (nome e apelidos), con DNI nº 45145152Q
e domicilio en PRAZA DON BOSCO 1 localidade OURENSE Provincia OURENSE
Código Postal 32003 como PRESIDENTE da Entidade ASOCIACIÓN XUVENIL OURENSE
con domicilio en PRAZA DON BOSCO 1, BAIXO 32003 OURENSE

DECLARA que ASOCIACIÓN XUVENIL OURENSE (nome da entidade):

1.- Non ten sido condenado/a mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

2.- Non ten solicitado a declaración de concurso, ni foi declarado/a insolvente en calquera procedemento, nin se encontra declarado/a en concurso, nin esta suxeito/a á intervención xudicial, nin foi inhabilitado/a conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

3.- Non deu lugar, por causa da que fora declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

4.- Os seus administradores e representantes legais non están incursos en algún dos supostos da Lei 12/1995, de 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.

5.- Non ten pendente o pago de obrigas por reintegro de subvencións.

6.- Non foi sancionado/a mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo o previsto na Lei xeral de subvencións ou na Lei xeral tributaria.

7.- Que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, manifestando o seu consentimento expreso para que o Servizo correspondente da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Administración tributaria da Comunidade Autónoma, respectivamente, cedan ao Concello de Ourense a información relativa ao cumprimento de tales obrigas.

En OURENSE, a 26 de SETEMBRO de 2025.

(Firma dixital) Fdo.:





CONCELLERÍA DE XUVENTUDE

Praza Maior 1
32005 – Ourense
Tel. 988388154

(Firma e selo) Fdo.: (Román Cid Sarria)



Praza Don Bosco 1, baixo
32003 OURENSE
Tlf./Fax: 988 218 123
amencer@amencer.org

En proba da súa conformidade, as partes que interveñen asinan electrónicamente o presente convenio en Ourense na data de sintaura electrónica.

O Alcalde-Presidente

A Oficial Maior

Gonzalo Pérez Jácome

Silvia Alonso Fernández



Praza Don Bosco 1, baixo
32003 OURENSE
Tlf./Fax: 988 218 123
amencer@amencer.org



Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 6/2020.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV:9GNCN6AD747CEU6A

Asinado por:
Cargo: Coordinadora de programas de xuventude
Data Sinatura: 25/09/2025 12:03

